

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A AXENCIA ESTATAL CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS M.P. PARA A CONSERVACIÓN *EX SITU* DE SEMENTES DE ESPECIES INCLUÍDAS NO CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, CMAACC) é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

### ANTECEDENTES

A comunidade autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á comunidade autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.





A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade no seu artigo 54 establece que a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira, incluíndoas nalgunha das categorías mencionadas nos artigos 56 e 58 desta lei. Asemade, o artigo 63 da citada lei determina que co obxecto de preservar a diversidade xenética das especies silvestres e de complementar as actuacións de conservación *in situ*, as administracións públicas promoverán a existencia de bancos de material xenético e biolóxico de especies silvestres.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia e outorgará preferencia ás medidas de conservación das especies autóctonas nos seus hábitats naturais, dando prioridade á conservación das especies ameazadas, ás especies endémicas, ás especies de fauna e flora silvestres recollidas nos anexos IV, V e VI da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e a aquelas outras cuxa área de distribución sexa moi limitada ou a súa poboación moi escasa, cando for necesario, considerarase a adopción de medidas adicionais de conservación fóra dos ditos hábitats. De igual maneira, tamén prevé que a administración autonómica promoverá a existencia de bancos de material xenético e biolóxico das especies silvestres, co obxecto de contribuír a preservar a diversidade xenética das especies silvestres e de complementar as actuacións de conservación *in situ* así como que dará prioridade á conservación do material biolóxico e xenético de taxons da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, con especial atención ás especies endémicas ou catalogadas (art. 105).

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, CMACC) atribúelle a este órgano da administración autonómica as funcións en materia de ambiente e conservación do patrimonio natural.





A Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (en diante, CSIC) é un organismo público de investigación da Administración Xeral do Estado, actualmente adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias, de acordo con o establecido no artigo 4 do Estatuto do CSIC, aprobado por Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro (BOE do 14 de xaneiro de 2008). A Misión Biolóxica de Galicia (en diante, CSIC-MBG), situada na provincia de Pontevedra, é un instituto propio do CSIC, que conta con persoal investigador cunha ampla experiencia na conservación e caracterización dos recursos fitoxenéticos así como cun banco de xermoplasma que permitirá a conservación da diversidade xenética das especies de flora ameazada galega co obxectivo de preservar a súa viabilidade a longo prazo.

## FINALIDADE

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co CSIC-MBG o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 15 de decembro 2029.

## OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMACC e o CSIC para o desenvolvemento de actuacións de conservación *ex situ* de sementes de especies (banco de xermoplasma) incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, de acordo coas prioridades e obxectivos de conservación establecidos pola CMACC.

## XUSTIFICACIÓN

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A CMACC é o órgano da administración autonómica, que ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e





fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos. No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

- O CSIC conta con persoal investigador cunha ampla experiencia na conservación e caracterización dos recursos fitoxenéticos así como cun banco de xermoplasma que permitirá a conservación da diversidade xenética das especies de flora ameazada galegas co obxectivo de preservar a súa viabilidade a longo prazo.

- A sinatura deste convenio supón un reforzamento da colaboración entre a administración pública competente en materia de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade e as entidades de investigación para seguir avanzando na conservación das especies ameazadas en Galicia, no marco internacional e europeo definido no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, na Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade para 2030 e no Plan Estratégico estatal do patrimonio natural e da biodiversidade 2030.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio.

Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN

Para articular esta acción a CMACC achegará á finalidade deste convenio a cantidade de **cen mil euros (100.000 €)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución de anualidades que se indica a continuación, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia (fondos propios):





Entidad	Aplicación presupuestaria	Anualidad 2026	Anualidad 2027	Anualidad 2028	Anualidad 2029
CMACC	06.04.541B.481.0 (código proyecto 2016 00362)	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
CSIC	28.301.463.A 12	16.178,65 €	16.178,65 €	16.178,65 €	16.178,65 €
		41.178,65 €	41.178,65 €	41.178,65 €	41.178,65 €

Esta achega, que supón o 60,71% do importe total do proxecto que se detalla no anexo I, do convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A achega do CSIC ao proxecto, estimada en 64.714,60 euros, correspóndese cos gastos de persoal propio.

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración a razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase a dificultade da súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación





da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A directora xeral de Patrimonio Natural

María Sol Díaz Mouteira

